

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 01 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2020 PARA A ORGANIZACIÓN A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES QUE CONTRIBÚAN Á SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE XÉNERO E Á TRANSMISIÓN DE VALORES IGUALITARIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade e segundo o establecido na Resolución Reitoral do 06 de febreiro de 2020, pola que se procede á convocatoria para o ano 2020 de axudas para a organización de Axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo.

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. CONCEDER as seguintes axudas aos programas sinalados:

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PUNTUACIÓN	AXUDA SOLICITADA	AXUDA CONCEDIDA
Igualdade de xénero na axenda 2030	57	1.000,00 €	750,00 €
Sensibilización en materia de xénero e valores igualitarios	78	600,00 €	500,00 €
Exposición itinerante exxperimenta en feminino: o papel das mulleres nas disciplinas STEM	81,6	1.800,00 €	1.700,00 €
Conferencia de Caelainn Hogan	62,6	1.000,00 €	800,00 €

Lectura poética: voces en femenino	72	650,00 €	550,00 €
Xornada MELINCO: A cooperación ao desenvolvemento dende a perspectiva de xénero e os dereitos humanos	76,3	2.000,00 €	1.900,00 €
Xornadas de Igualdade-Muller, memoria e xustiza transicional. Da represión franquista á querela arxentina	72,6	890,00 €	700,00 €
Axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Uvigo	49	1.998,68 €	900,00 €
V Ciclo conferencias unha mirada de xénero	86	1.270,00 €	1.200,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>11.208,68</b>	<b>9.000,00 €</b>

## 2. DENEGAR as seguintes solicitudes

-“Igualdade de Xénero e Fiscalidade. Perspectiva de xénero no IRPF”, porque a mesma solicitude presentouse as axudas para a organización de actividades docente que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo e non poden ter dúas financiación da UVigo para a mesma actividade)

Debido a actual situación de pandemia mundial, as novas recomendacións sobre a organización de cursos e actividades indican que:

“as unidades responsables da organización de cursos e actividades formativas desenvolverán, con carácter prioritario, a súa actividade mediante medios telemáticos, coa finalidade de minimizar os posibles riscos para a saúde, respectando en todo caso os termos que determinen as autoridades sanitarias.”

Por todo elo, instase as persoas responsables de cada actividade aprobada que non contemplan os gastos de viaxe e estancia, ao ter que adaptar a actividade ao medio telemático.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 01 de Xuño de 2020

**O REITOR**

Manuel Joaquín Reigosa Roger